



Ensinanzas de arte dramática

1.	Acceso e admisión.....	2
2.	Ordenación académica.....	2
2.1	Ordenación das ensinanzas.....	2
2.2	Plan de estudos.....	3
2.3	Seccións bilingües.....	3
3.	Programa Erasmus+.....	3
4.	Axudas e bolsas de estudos.....	4
5.	Premios.....	4
6.	Organización e funcionamento.....	5
7.	Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores.....	5
8.	Especialidades docentes.....	5
9.	Títulos.....	6



1. Acceso e admisión

- [Resolución do 21 de abril de 2022](#), da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se designan os membros e se fai pública a composición do tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito de titulación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas artísticas superiores e para o acceso ás ensinanzas deportivas de grao superior para o curso 2022/23 (DOG do 2 de maio).
- [Resolución do 7 de abril de 2022](#), da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática para o curso 2022/23 (DOG do 21 de abril).
- [Instrución conxunta](#) da Axencia Tributaria de Galicia e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a aplicación de prezos públicos nas ensinanzas de réxime especial do 5 de xuño de 2015.
- [Decreto 89/2013, do 13 de xuño](#), polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño (DOG do 17 de xuño).

2. Ordenación académica

2.1 Ordenación das ensinanzas

- [Real decreto 628/2022, do 26 de xullo](#), polo que se modifican varios reais decretos para a aplicación da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ás ensinanzas artísticas e ás ensinanzas deportivas, e a adecuación de determinados aspectos da ordenación xeral de ditas ensinanzas (BOE do 27 de xullo).
- [Orde do 8 de setembro de 2021](#) pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de outubro).
- [Orde do 21 de novembro de 2016](#) pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática en desenvolvemento do Decreto 179/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 1 de decembro de 2016). [Corrección de erros](#) (DOG do 6 de novembro de 2017).
- [Decreto 229/2011, do 7 de decembro](#), polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 21 de decembro).



- [Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro](#), sobre recoñecemento de estudos no ámbito da educación superior (BOE do 16 de decembro). [Corrección de erros](#) (BOE do 12 de marzo de 2012).
- [Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo](#), polo que se establece o Marco español de cualificacións para a educación superior (BOE do 3 de agosto). Modificado polo [Real decreto 96/2014, do 14 de febreiro](#) (BOE do 5 de marzo) e polo [Real decreto 22/2015, do 23 de xaneiro](#) (BOE do 7 de febreiro).
- [Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro](#), polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 27 de outubro). [Corrección de erros](#) (BOE do 6 de novembro de 2009). Modificado polo [Real decreto 21/2015, do 23 de xaneiro](#) (BOE do 7 de febreiro).
- [Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación](#) (BOE do 4 de maio). Modificada pola [Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de educación](#) (BOE do 30 de decembro).

2.2 Plan de estudos

- [Decreto 179/2015, do 29 de outubro](#), polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 7 de decembro).
- [Orde do 30 de setembro de 2010](#) pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en arte dramática na Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula o acceso ao dito grao (DOG do 11 de outubro). [Corrección de erros](#) (DOG do 17 de abril de 2012).
- [Real decreto 630/2010, do 14 de maio](#), polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en arte dramática establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 5 de xuño).

2.3 Seccións bilingües

- [Orde do 29 de agosto de 2017](#) pola que se autoriza a posta en marcha, con carácter experimental, de seccións bilingües en determinados centros de ensinanzas artísticas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 8 de setembro). Prorrogada pola [Resolución do 29 de xullo de 2019](#), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (DOG do 19 de agosto). Prorrogadas pola [Resolución do 6 de agosto de 2021](#), da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, de prórroga de seccións bilingües en determinados centros de ensinanzas artísticas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 18 de agosto).

3. Programa Erasmus+

O programa Erasmus+ nas ensinanzas superiores de arte dramática en Galicia tramítase desde a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Pódese consultar toda a información ao

respecto, no ámbito da educación e a formación, na páxina web do Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), a través do sector educativo do programa Erasmus+ da [Educación Superior](#).

- [Carta Erasmus de Educación Superior 2021-2027](#) (DOUE do 14 de febreiro de 2020).
- [Convocatoria de propostas 2021 EAC/A01/2021](#) (DOUE do 25 de marzo de 2021).

4. Axudas e bolsas de estudos

- [Resolución do 10 de marzo de 2022](#), da Secretaría de Estado de Educación, pola que se convocan bolsas de carácter xeral para o curso académico 2022-2023, para estudantes que cursen estudos postobrigatorios. [Extracto](#) desta resolución (BOE do 12 de marzo).
- [Resolución do 8 de febreiro de 2022](#) da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, pola que se convocan 14.000 axudas para participar en cursos de inmersión en lingua inglesa, destinadas a estudantes universitarios, de ensinanzas artísticas superiores, outros estudos superiores e formación profesional de grao superior. [Extracto](#) desta resolución (BOE do 10 de febreiro).
- [Orde do 21 de febreiro de 2022](#) pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2021/22 (DOG do 4 de marzo). [Extracto](#) desta orde (DOG do 4 de marzo de 2022). [Listaxe provisional](#) de solicitudes admitidas e excluídas. [Listaxe definitiva](#) de solicitudes admitidas e excluídas. [Resolución do 1 de xullo de 2022](#) pola que se resolve a convocatoria da Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2021/22 (DOG do 12 de xullo).
- [Convocatoria](#) das bolsas Xunta de Galicia/Fulbright para a ampliación de estudos artísticos nos Estados Unidos de América durante o curso 2022/23.
- [II Addenda](#) ao [convenio](#) de colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Empresa – Universidade (FEUGA), para o apoio aos programas de bolsas de formación práctica de persoas tituladas en ensinanzas artísticas do 29 de xaneiro de 2015.

5. Premios

- [Orde do 21 de xullo de 2022](#) pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos de ensinanzas artísticas superiores no curso 2021/22 en centros públicos de Galicia (DOG do 10 de agosto). [Extracto](#) desta orde.

6. Organización e funcionamento

- [Orde do 20 de maio de 2022](#) pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 2 de xuño).
- [Real decreto 303/2010, do 15 de marzo](#), polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas artísticas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 9 de abril).
- [Circular 15/2007](#) da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións para a aplicación da Orde do 17 de xullo de 2007 na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia do 12 de setembro de 2007.
- [Circular 18/2006](#) da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións para a organización e funcionamento da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia do 21 de setembro de 2006.
- [Orde do 1 de agosto de 1997](#) pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento (DOG do 2 de setembro). Modificada pola [Orde do 28 de xuño de 2010](#) (DOG do 6 de xullo).
- [Decreto 324/1996, do 26 de xullo](#), polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG do 9 de agosto).

7. Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores

- [Orde do 9 de novembro de 2021](#) pola que se fai pública a composición do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores (DOG do 18). [Corrección de erros](#) (DOG do 25).
- [Decreto 143/2021, do 14 de outubro](#), polo que se modifica o Decreto 279/2008, do 11 de decembro, modificado polo Decreto 395/2009, do 8 de outubro, polo que se crea e se regula o Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores (DOG do 28).
- [Real decreto 365/2007, do 16 de marzo](#), polo que se regula o Consello Superior de Ensinanzas Artísticas (BOE do 4 de abril). Modificado polo [Real decreto 1485/2009, do 26 de setembro](#) (BOE do 16 de outubro).

8. Especialidades docentes

- [Real decreto 588/2022, do 19 de xullo](#), polo que se establecen as especialidades docentes dos corpos de profesores e de catedráticos de Música e Artes Escénicas vinculadas ás ensinanzas de Arte dramática (BOE do 20 de xullo).
- [Real decreto 989/2000, do 2 de xuño](#), polo que se establecen as especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas, se adscriben a elas os profesores do devandito corpo e se determinan as materias que deberán impartir (BOE do 22 de xuño).



9. Títulos

- [Resolución do 23 de decembro de 2021](#), da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 7 de decembro de 2021, polo que se determina o nivel de correspondencia ao nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior do Título Superior de Arte Dramática en todas as súas especialidades (BOE do 1 de xaneiro de 2022).
- [Instrución conxunta](#) da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o procedemento para a solicitude e emisión do suplemento europeo ao título (SET) no ámbito das ensinanzas artísticas superiores do 8 de marzo de 2017.
- [Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro](#), sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 22 de decembro de 2009). [Corrección de erros](#) (BOE do 23 de decembro de 2009). Modificado polo [Real decreto 197/2015, do 23 de marzo](#) (BOE do 13 de abril) e polo [Real decreto 700/2019, do 29 de novembro](#) (BOE do 10 de xaneiro de 2020).